

TEMA 15: O REXURDIMENTO PLENO (I). ROSALÍA DE CASTRO. A POESÍA COSTUMISTA DE FIN DE SÉCULO

I. ROSALÍA DE CASTRO

1. Aspectos biográficos

Naceu en Santiago, en 1837. A infancia pasouna en Padrón. Marchou logo a Santiago onde entra en contacto cunha mocidade inqueda: Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal etc. En 1853 pasa unha tempada en Muxía, invitada pola familia de Pondal. A experiencia servirlle para ambientar a súa primeira novela, *La hija del mar*, e para compor o poema “A romaría da Barca”, publicado no *Álbum de la Caridad* (1862).

Marcha en 1856 a Madrid. Alí coñece a Manuel Murguía con quen casa en 1858. Un ano antes publica o seu primeiro libro de poemas, *La Flor*. En 1861 publica o seu primeiro poema en galego, “Adiós, ríos, adiós, fontes”. En 1862 edita o poema *A mi madre*. Un ano despois aparece o primeiro libro integramente escrito en galego da historia: *Cantares gallegos*.

Por motivos de traballo e penurias económicas, o matrimonio e os seus sete fillos veranse obrigados a cambiar frecuentemente de localidade de residencia (Santiago, Madrid, Lugo, Simancas...) ata que pasan os últimos ano na casa da Matanza (Padrón).

En 1880 publica a súa derradeira novela en castelán e o seu derradeiro libro en galego: *El primer loco* e *Follas novas*, respectivamente. O poemario *En las orillas del Sar*, sae do prelo en 1884.

Morre en Padrón en xullo de 1885, nunha situación de extrema pobreza, marxitada por case toda a intelectualidade da época.

2. A singularidade da figura de Rosalía

Era unha muller culta, con criterios propios e contestaria, consciente do que facía cando rompía a mantenta os moldes literarios, idiomáticos, ideolóxicos e temáticos dominantes. Foi precursora do feminismo, anticapitalismo, nacionalismo progresista etc.

Rosalía é unha figura singular no contexto literario da súa época por tres aspectos: participa na posta en marcha dun sistema literario galego autónomo usando unha lingua marxitada, rompe todas as barreiras temáticas e cultiva non só poesía, senón tamén, abundantemente, a prosa.

Teceuse sobre ela unha imaxe distorsionada e mistificada. Presentouse como unha santiña ou unha chorona. Tivo enormes dificultades para publicar (*Follas novas* publícase en 1880 grazas á axuda dos emigrantes galegos en Cuba) e recibiu en vida ataque durísimos.

Unha das maiores inexactitudes é a de considerala unha escritora romántica. Téñense dado os seguintes argumentos para rexeitar ese rótulo caracterizador:

- a) Na súa obra non hai nunca unha actitude escapista, senón máis ben identificación coa realidade.
- b) Destaca na súa escrita a denuncia social e a sensibilidade para os distintos problemas da xente (mulleres campesiñas). Ten unha actitude solidaria e crítica coa sociedade.
- c) O ton de sinceridade dos seus versos está moi lonxe do finximento de moitas poesías románticas.

d)Temas como a morte, o suicidio, o desengano amoroso etc. son abordados por Rosalía cunha perspectiva máis grave e seria que a dos románticos.

3.O compromiso social

A súa obra ten un forte compoñente social. O compromiso de Rosalía como escritora plásmase nestes aspectos:

a)A defensa da cultura e do idioma galegos, da nosa maneira de ser presentándoas como dignas e naturais.

b)A defensa de valores sociais e morais do pobo galego.

c)A identificación cos problemas das clases populares galegas.

d)A denuncia das inxustizas, insultos e abusos cometidos con Galiza e cos galegos (emigración).

e)A reivindicación dos dereitos da muller, comezando polo propio dereito a escribir.

4.O feminismo

Na segunda metade do século XIX xorde o debate entre os que defenden o dereito da muller a ocupar un novo e máis xusto posto na sociedade, en igualdade de dereitos có home, e os dicían que debía continuar recluída no ámbito doméstico, sen acceso á cultura nin á educación, ocupada só no coidado da familia. O posicionamento feminista de Rosalía está presente en toda a súa obra (“Lieders”, *La hija del mar*, *Flavio*, “Las literatas. Carta a Eduarda”).

5.Obra literaria

5.1.Obra en galego: *Cantares gallegos*, *Follas novas* e o relato *Conto gallego*

CANTARES GALLEGOS (1863)

Cantares gallegos é o primeiro libro publicado integramente en galego. Dedicado á escritora *Fernán Caballero* (Cecilia Böhl de Faber). Consta dun total de 36 poemas, todos eles vinculados a unha cantiga popular que Rosalía reproduce e glosa, seguindo o modelo do escritor Antonio Trubeaba no seu *Libro de los cantares* (1852).

Alguns dos poemas teñen a **Rosalía como protagonista**, pero moitos ceden a **voz a outras personaxes**, case todas de extracción social popular e labrega. Entre todos eses personaxes vaise compoñendo unha especie de retablo da Galicia da época (costumes, valores, crenzas, idioma, problemas...). É un libro “**folclórico**”.

Os **36 poemas** van precedidos por un **prólogo** en galego. Nel, a autora pide desculpas polos posibles defectos do seu libro e explica as razóns da súa decisión de cantar en galego as belezas e costumes do país. Ten un **triplo obxectivo**:

a)reivindicar a validez do noso idioma “para todo tipo de versificación”

b)denunciar o maltrato e a marxinação que padecen Galicia e os seus habitantes

c)combater a negativa imaxe de Galicia nesa época

Atendendo á **temática**, podemos clasificar **CG** en **catro grandes apartados**:

a) O Prólogo (“Has de cantar”) e **o Epílogo** “Eu cantar, cantar cantei”) poéticos, que serven de introdución e despedida.

b) Poemas de temática folclórico-etnográfica. O grupo máis numeroso, coa intención de reflectir a idiosincrasia do pobo galego. Hai poemas costumistas e poemas de amor.

c) Poemas de temática social e/ou patriótica. Tratan a situación de penuria e marxinación dos galegos. Algúns teñen ideoloxía galeguista. Denuncia social do drama da emigración. Poesía galeguista, de defensa de Galicia ante o centralismo español

d) Poemas de temática intimista. Expresa vivencias e sentimentos absolutamente persoais (saudade, evocación da paisaxe galega...). Ela sente que está marcada pola soidade e pola desgraza, sensación que se agravará en Follas novas e En las orillas del Sar.

FOLLAS NOVAS (1880)

Libro publicado en Madrid por Rosalía en **1880** (= *Aires da miña terra*, de Curros, e *Saudades gallegas*, de Lamas Carvajal). A maioría dos poemas xa os tiña escritos (en Simancas).

A obra consta dun **prólogo en prosa e 137 poemas**, clasificados en **cinco apartados ou “libros”**: “Vaguedás”, “¡Do íntimo!”, “Varia”, “Da terra” e “As viúdas dos vivos e as viúdas dos mortos”.

Trátase dunha obra **máis persoal e filosófica que CG**, aínda que hai algúns poemas que poden continuar a liña do primeiro. A autora destaca no “Prólogo” que o novo libro non era fillo da mesma inspiración que dar de si CG (**CG = xuventude e esperanza ; FN = escepticismo e pesimismo**).

Tendo en conta a perspectiva do **suxeito poético**, podemos clasificar **os cinco “libros” en dous grandes apartados**:

a) A lírica solitaria ou subxectiva. Poemas incluídos en “Vaguedás” e “¡Do íntimo!”. No primeiro (20 poemas) reflexiona sobre a escrita feminina e sobre os trazos e contidos da súa propia obra. Manifesta o seu estado anímico (desasosego, pesimismo, saudade...). No segundo (36 poemas), hai reflexións metafísicas, filosóficas e intimistas sobre a insolidariedade humana, o paso do tempo, a perda das ilusións...Considérase a Rosalía como precursora das correntes filosóficas existencialistas.

b) A lírica solidaria ou obxectiva. Poemas das partes “Da Terra” e “As viúdas dos vivos e as viúdas dos mortos”. No primeiro (9 poemas), Rosalía deixa clara a súa identificación co pobo galego. Ás veces, recorda o estilo de CG. No segundo (31 poemas), céntrase no fenómeno da emigración e nas causas que o provocan. Admiración polas mulleres campesiñas galegas do seu tempo.

Como **“libro “ ponte está “Varia”** (40 poemas), onde Rosalía expón a realidade múltiple e complexa que rodea o “eu” que falou nos apartados anteriores. A obra expresa unha viaxe do “eu” ao “nós”, da individualidade á colectividade, do intimismo e subxectivismo á identificación co pobo e a unha maior obxectividade.

FN demostrou a **capacidade do idioma galego para abordar e expresar todo tipo de temas**, sentimentos e inquietudes existenciais (de aí a acollida menos entusiasta que a de CG).

CONTO GALLEGO (1864)

Permaneceu esquecido ata o seu rescate en 1923 por Manuel Castro López (*Almanaque gallego*, de Bos Aires).

Tema sinxelo e ambientado na aldea. Dous amigos e unha viúva. Rosalía salienta que a suposta “debilidade” da muller está motivada e xustificada pola indefensión económica e legal en que quedaba ao ficar soa (alegato feminista).

5.2. Obra en español

-*La flor* -”Lieders” -*La hija del mar* -*A mi madre* -*Flavio*
-”Las literatas. Carta a Eduarda” e “El cadiceño” -*Ruínas* -*El primer loco*
loco -*El caballero de las botas azules* -”Padrón y las inundaciones”
-*En las orillas del Sar*

6. Principais trazos lingüísticos e estilísticos

Emprega o **galego falado polo pobo na comarca de Santiago- Padrón (galego espontáneo e coloquial**, sintaxe sinxela e léxico con castelanismos). Representa o seseo e usa numerosos vulgarismo léxicos. Ela mesma di que **escribe un galego sen gramática**.

Os **recursos estilísticos** son de **inspiración popular**: repeticións, paralelismos, rimas asonantes, estruturas comparativas e anáforas.

Na **métrica de CG** abundan as formas de **arte menor** (procedencia popular = romance ou muiñeira; procedencia culta = décima, oitava real). **En FN**, hai unha revolución e Rosalía opta por **versos de arte maior e novas combinacións**.

II. A POESÍA COSTUMISTA NA FIN DE SÉCULO. A ESCOLA ROSALIANA

CG creou unha “**escola poética**”. Varios autores continuaron o camiño de Rosalía e comezaron a destacar a beleza da paisaxe galega, os costumes galegos e a solidarizarse coas loitas dos labregos e das mulleres. Tratan temas como a emigración e empregan as cantigas populares. Algúns destes autores deixaron o sentido dignificador e reivindicativo de Rosalía.

O ourensán Valentín Lamas Carvajal. Fundou un dos primeiros xornais escritos en galego, *O Tío Marcos da Portela*, e colaborou noutros como *El Heraldo Gallego* e *El Eco de Orense*, desde os que polemizou con outros autores (Murguía, Álvarez de Nóvoa...).

Escrebe *Espiñas, follas e frores, Saudades gallegas e A musa das aldeas*. Tamén é autor do volume *Dez cartas aos gallegos* e do libro de relatos *Gallegada*. Pero a súa obra cume é o **Catecismo da doutrina labrega**, editado por entregas en 1888 no xornal *O Tío Marcos da Portela*. Trátase dun libro anticaciquil, mais non anticlerical. Parodia as preguntas e respostas do catecismo católico do Padre Astete e recorrendo ao humor trágico, Lamas reflicte a situación de miseria que padece o campesiñado galego. Foi durante moito tempo o libro de maior difusión popular e máis veces reeditado da literatura galega (ata 13 edicións en vida do autor).

Destacan dúas mulleres escritoras. A ourensá **Filomena Dato Muruais**, autora do volume *Follatos* e a coruñesa **Francisca Herrera Garrido**, autora dos libros *Sorrisas e bágoas*, *Almas de muller... ¡Volallas na luz!* e *Frores do noso paxareco*. Foi a primeira muller designada académica e a primeira en escribir en galego novela longa (*Néveda*) e ensaio (“A muller galega”, publicado na revista *Nós*)